

SOBRE A GUERRA DO GOLFO PÉRSICO

Ramón Vilalta López

A guerra no Golfo é un dos primeiros acontecementos bélicos da nova era que comeza, a da «postguerra fría». A invasión de Kuwait por parte do rexime de Saddam Hussein é, sen nengunha dúbida, condenábel, aínda deixando claro que os problemas da rexión, non só este, derivan directamente das fronteiras levantadas e mantidas artificialmente, en base aos intereses económicos das compañías petrolleiras e, conseguintemente, das potencias occidentais. Pero tan condenábeis como esta invasión son ás e Gaza e Cixjordania por Israel (cantas resolucións da ONU desouvidas?) ou lembarnos de Sudáfrica en Namibia, a URSS en Afganistán, ou os USA en Nicaragua, Grenada, Panamá, etc. (sen mencionar a longa lista de illas do Pacífico ocupadas polos USA ou Franza para a súa particular explotación: Guam, Samoa Oriental, as Marshall, as Marianas, Nova Caledonia e a Polinesia, etc...). Agora ben, a tan apresurada intervención dos USA e comparsas no Golfo Pérsico (unha guerra de liberación do petróleo disfrazada hipocritamente de guerra de liberación... dun país) ten unha motivación claramente interna e responde, como veremos, a necesidades propias do «império USA» neste período de «postguerra».

A presión económica e a Guerra de Corea.


En primeiro lugar, temos a presión do chamado «complexo militar-industrial» USA, formado por máis de trinta grandes consorcios industriais, venciados aos grandes clans bancarios, e con fortes lazos na Administración e Pentágono. Este sector armamentista posúe unha forte planificación económica (traballa maioritariamente por encargos, a base de fortes subvencións para investigación e desenvolvemento de novos sistemas, con clientes que se poden contar cos dedos da man), e autoalimenta-se do continuo desenvolvemento tecnolóxico que acompaña ás investigacións militares, tanto das empresas privadas

como das universidades partícipes dos presupostos militares USA, coordinadas pola Axencia DARPA ⁽¹⁾.



Como exemplo paradigmático deste complexo temos á General Dynamics, construtora dos caza F-16, cazabombardeiros FB-111 e dos mísiles

Tomahawk (unha versión dos Cruise que se instalaron en Europa a meados dos 80), que agora son probados en condicións reais. Pois ben, esta empresa con 2.200 millóns de dólares en transaccións no 70, subiu no 83 (gracias á «guerra fría») a 5.500 millóns. As empresas do sector tiñan-no difícil desde a «caída do Muro» e agora co despilfarro belicista da Administración Bush no Golfo, ven como a súa cotización en Bolsa medra día a día, producindo inxentes beneficios⁽²⁾. E aí están, a Lockheed (probando o avión «furtivo», o F-117A), a Martin Marietta (construtora do Pershing II instalados en Europa), co-construtora coa Raytheon dos mísiles Patriot, a McDonnell Douglas (que vendeu ao Estado español os F-18 do programa FACA) e co-construtora dos mísiles Tomahawk, a



Boeing (construtora de todos os modelos de bombardeiro B-52, soportes de mísiles estratéxicos e agora empregados para masacrar a poboación civil de Bagdad, Basora...). Proban os seus novos «produtos», alixeran «stocks» xa pagados e pasan factura aos sócios (para a Administración USA,

aliados). Ah!, e nos novos presupostos USA para 1992 incrementan-se os gastos para investigación militar en 1,6 billóns de pesetas. Resumindo, hai influentes intereses privados que se benefician directamente desta «carnicería».

Unha das razóns que explica a presa dos USA en montar esta intervención constitúe-a a forte recesión económica que veñen padecendo, marcada por un forte descenso do Produto Interior Bruto e polos fortes deficits, tanto comercial como presupostario⁽³⁾. Neste sentido, o conflito do Golfo lembra moi ben a guerra de Corea (1950-53), orixinada tamén pola rápida intervención dos USA (seguidos despois por aliados da ONU; iso si, todos as ordes do xeneral MacArthur) para «defender» Corea do Sul do ataque de Corea do Norte. Suliñar que en 1949, na época de posguerra (neste caso a II Guerra Mundial), se dá en USA unha forte recesión económica, acadando-se cerca de 4.500.000 de parados e un forte baixón no PIB. Pois ben, os obxectivos «reactivadores» da guerra de Corea foron acadados: o PIB pasou de 264.000 millóns de dólares, no ano 1950, a 339.000 millóns, no 1952, e o número de parados baixou dos dous millóns. Convén lembrar aquí que naquela guerra morreron uns 34.000 soldados norteamericanos e 84.000 soldados aliados dos USA, mentres que o número de vítimas directas, coreanas e chinesas, se estima que superou amplamente o millón e medio, entre civís e militares.

Este papel de «xendarme universal» autoadxudicado polas diferentes administracións dos USA ao final da II Guerra Mundial, é aceptado, ao parecer, pola maioría da poboación norteamericana. Esta aceptación ten moito que ver co feito de que un 6% da poboación mundial (a poboación USA), consoma o 40% do papel producido no mundo, o 36% dos combustíbeis fósiles, o 25% do aceiro, o 40% longo da enerxía eléctrica..., e, claro, este nivel de consumo tan alto nun planeta de recursos limitados, nun mundo onde 2.000 millóns de persoas malviven e morren de fame, orixina tensións, e só se pode manter a base de conflitos e «marines».

Grandes consumidores de recursos (aínda que dun xeito desigual) son tamén os Estados da CEE e por certo algúns en plena recesión económica ou en vísperas dela. Sen dúbida, neste sen-

tido o apoio brindado aos USA por Gran Bretaña, España, Franza, Italia ou Alemaña ten moito que ver co esta división do mundo entre o Norte consumista e o Sul consumido. Desaparecido o «bloque do Leste», tratan de deixar claro que as desiguais relacións de intercambio entre as materias primas extraíbeis do Sul (entre elas o petróleo) e as sofisticadas manufacturas elaboradas no Norte se vai manter sempre: aquel primitivo «ouro por baratixas» inaugurado hai 500 anos!

Reaxuste das zonas de influencia

Pero hai contradicións. A intervención USA no Golfo anuncia tamén unha toma de posicións fronte a Europa e Xapón na «nova orde internacional» nacida da «caída do Muro». Este afianzamento no papel de «xendarme mundial», esta apelación á suposta «estatura moral» de que fala Bush, é un intento de manter un liderazgo mundial imposíbel por outra via, fronte a un próspero Xapón e unha Europa (Alemaña destacada) que mira ao Leste. Neste sentido, Europa adiviña-se xa como un dos perdedores deste conflito: consolida-se o papel de comparsa dos USA, deterioranse as relacións co cercano mundo islámico e perde-se a oportunidade de establecer unha «orde internacional realmente nova».

Participación do Estado Español na guerra

O Goberno español participa, arrastrado pola Administración USA, nesta invasión do mundo árabe e envia buques á zona do conflito (seica «en misión de paz») e ao Mediterráneo Oriental dentro dunha flotilla da OTAN; deixa utilizar as bases e centros de comunicacións como apoio loxístico e, sendo máis «papista que o Papa», permite o despegue de Morón dos B-52 que bombardean as cidades iraquianas; avións do Exército do Ar español transportan bombas desde Zaragoza a Morón; suministran-se bombas propias aos USA; fan-se manobras terrestres e navais conxuntas en Almería, e investiga-se e ameaza-se a quen advogan pola non participación no conflito.

Todo isto, cando non pasaron cinco anos do «referendo OTAN» feito por este goberno do

PSOE e que «gañou», baseando-se en tres promesas (tildadas de incumpríbeis polos que dicíamos «non á OTAN»):

- Non permitir a nuclearización do territorio (o Estado español é o único comprometido por escrito, naturalmente despois do referendo, a non revisar a carga das naves USA).

- Non integración na «estrutura militar» da OTAN.

- Redución da presenza militar USA no territorio do Estado español.

Sen cambiar o partido no goberno xa se incumpriron as tres promesas, pode quedar-lle algunha credibilidade no tema?

Desgrazadamente, a clara oposición da poboación do Estado á participación na guerra non está sendo escoitada polo goberno, a maioría das forzas parlamentarias seguen xogando ao engano, e vemos como se deterioran, irremediabelmente, as relacións co mundo árabe por meter-nos na guerra, unha guerra non declarada, unha curiosa guerra sen vítimas, segun nos queren facer ver as «desinformacións via USA» con que nos bombardean diariamente (tamén os «nazis» ocultaban á súa poboación as atrocidades que cometían) e por estar nunha Organización militar carente de sentido, agora máis que nunca.

(1) DARPA : Axencia Para a Investigación Avanzada de Proxectos para a Defensa.

(2) Datos do xornal El Mundo (04.02.91):

COMPANIA	PREZO/ACCION (15.01)	IDEM (25.01)	%MEDRE
General Dynamics	20.6	27.5	+33%
Martin Marietta	44.7	51.7	+16%
McDonnell Douglas	29.4	36.0	+22%
Raytheon	68.7	75.2	+ 9%
Lockheed	32.4	36.0	+11%

(3) Datos do xornal El Mundo (07.02.91):

PAISES	% PIB			BALANZA COMERCIAL (Miles de Millóns de...)		
	1989	1990	1991	1989	1990	1991
USA	2.5	1.0	0.7	- 104	-95	-105 (\$)
XAPON	4.9	5.5	3.6	+57	+45	+52 (\$)
ALEMAÑA	4.0	3.8	3.4	+104	+85	+60 (marcos)
FRANZA	3.6	2.5	2.3	-26.4	-40	-50 (francos)
GRAN BRETAÑA	2.3	1.5	1.5	-8.3	-16	-13.5 (libras)